

**ACTA DA REUNIÓN DO 19 DE OUTUBRO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO.**

**PRESIDENTE:**

D. Miguel Ángel Santalices Vieira  
Vicepresidente do Parlamento de Galicia

**VOGAIS:**

D. José Manuel Balseiro Orol  
Secretario do Parlamento de Galicia

D<sup>a</sup>. María Aneiros González  
Letrada do Parlamento de Galicia

D<sup>a</sup>. Carolina Costoya Pardo  
Directora da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia

**SECRETARIO:**

D. Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento reúnense, ás 12,30 horas do **19 de outubro de 2015**, as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación, mediante procedemento aberto, dos servizos para a prestación do servizo de prevención alleo.

**Orde do día:**

Punto único: Elaboración da proposta de clasificación de ofertas.

A Mesa de Contratación procede ao estudo das ofertas presentadas polas empresas concorrentes nos respectivos sobres C, que son as seguintes (para o cálculo da puntuación tómanse como referencia todos os importes sen IVE):

	Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.	Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.	Gerosalud, S.L.
Prezo do contrato	107.200,00 €	117.111,00 €	119.800,00 €
Prezo do servizo de rehabilitación	14,00 €	8,50 €	13,80 €
Melloras		Estudio cardiovascular personalizado.	Estudio cardiovascular personalizado.
	Probas de esforzo.	Probas de esforzo.	Probas de esforzo.
	Control e seguimento de colesterolemia.	Control e seguimento de colesterolemia.	Control e seguimento de colesterolemia.
	Test detección sangue oculta en feces.	Test detección sangue oculta en feces.	Test detección sangue oculta en feces.
	Test alento.	Test alento.	Test alento.
	Test estreptococo	Test estreptococo	Test estreptococo

Comprobase que, ao abeiro da cláusula décimo terceira do prego de cláusulas administrativas, non existen ofertas con baixas anormais ou desproporcionadas, e a continuación procédese cálculo da puntuación obtida polas entidades en base aos criterios avaliáveis de forma automática por aplicación de fórmulas, que son os seguintes:

EMPRESA	Criterios avaliábeles de forma automática por aplicación de fórmulas		
	Prezo do contrato	Prezo do servizo de rehabilitación	Melloras
Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.	38,00	0,13	10,00
Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.	22,82	0,87	12,00
Gerosalud, S.L.	18,71	0,16	12,00

Procedese a continuación a calcular a puntuación total obtida polas entidades, sumándolle a esta a obtida en base aos criterios avaliábeles mediante xuízos de valor, atribuídos pola Mesa de Contratación na súa reunión do 13 de outubro, resultando a atribución da seguinte puntuación:

EMPRESA	Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	Criterios avaliábeles de forma automática por aplicación de fórmulas	PUNTUACIÓN TOTAL
Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.	25,50	48,13	<b>73,63</b>
Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.	43,00	35,69	<b>78,69</b>
Gerosalud, S.L.	17,00	30,87	<b>47,87</b>

Polo tanto, á vista das puntuacións obtidas a Mesa de Contratación acorda propoñer á Mesa do Parlamento a clasificación das entidades concorrentes na seguinte orde:

- 1º Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.
- 2º Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.
- 3º Gerosalud, S.L.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12,35 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.

 Miguel Ángel Santalices Vieira Presidente	 José Manuel Balseiro Orol Vogal
 María Aneiros González Vogal	 Carolina Costoya Pardo Vogal
	 Santiago González Serrano Secretario